



CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS DE OBRA

Obra: MELLORA DE CAMIÑOS NO NÚCLEO DE SAN ISIDRO, cuxa codificación é CPV 45233222-1.

XUNTANSE OS PRESENTES PREGOS, PROXECTO DE OBRA ELABORADO POLA EMPRESA PROINARTE XXI, ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO DON EVARISTO JUNCAL FROJÁN.---

1.-Financiamento:

O importe do presente contrato ascende á contía de 39.313,08 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 32.490,15 euros e no imposto sobre o valor engadido de 6.822,93 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 32.490,15 euros (IVE excluído).

O importe aboarase con cargo á partida 450.609 do vixente orzamento municipal (2016); xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato. (consta concesión de subvención DA VICEPRESIDENCIA DA XUNTA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL, RESOLUCION DE DATA 02-05-2016, POLO IMPORTE DE 25.992,12 €, e o resto con Fondos Propios do Concello (13.320,96 €), para a obra de MELLORA DE CAMIÑOS NO NÚCLEO DE SAN ISIDRO.—

Dito importe será o importe máximo de licitación.

Se entenden comprendidos na oferta formulada polo licitador todo xénero de gastos, incluídos os de Seguridade Social e cantos tributos graven a súa empresa ou actividade. A oferta deberá facer referencia ó IVE, e, de non constar, se entenderá incluído no prezo proposto polo/a licitador/a.

2.- Prazo execución.

A duración do contrato de obras de MELLORA DE CAMIÑOS NO NÚCLEO DE SAN ISIDRO será de UN MES . Non se admiten prórrogas.

3.- Presentación de ofertas.

As ofertas presentaranse no concello, Praza de Pontevedra 1 36110 Campo Lameiro en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.



As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato. Sen ámbolos dous requisitos non será admitida ningunha proposición.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os sete días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta *[sen prexuízo do establecido nos artigos 148 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]*. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación das obras de Saneamento da Pedreira-Paredes ». A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación administrativa.**
- **Sobre «B»: Oferta económica e documentación.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**
***[SUPOSTO A) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE
DECLARACIÓN RESPONSABLE]*** Conterá a seguinte documentación:



a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación _____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de _____.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente en _____, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,



Asdo.: _____»

b) OBLIGATORIO: DECLARACION sobre as empresas sobre as que teña calquer tipo de vinculación.

[SUPOSTO B) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.1 DO TRLCSP] Conterá a seguinte documentación:

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario da corporación.

— Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia realizar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) Xustificante que acredite a constitución da garantía provisional por importe de _____ [ata o 3% do orzamento do contrato].

NON SE ESIXE.



g) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideren xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puider corresponder ao candidato.

h) DECLARACION sobre as empresas sobre as que teña calquer tipo de vinculación

SOBRE «B»

OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica. SO SE VALORARÁ BAIXA NO PREZO DO CONTRATO.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento de obra menor, do contrato de obras de MELLORA DE CAMIÑOS NO NÚCLEO DE SAN ISIDRO, fago constar:

1.- que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

Sinatura do candidato

Asdo.: _____.»

4.- Apertura de Ofertas.-

O órgano de contratación ditará resolución motivada respecto da adxudicación da obra no prazo máximo de 7 días do remate do prazo de presentación de proposicións, comunicándolo debidamente ás empresas que participasen na licitación, e mais publicarase no Perfil do contratista do Concello de Campo Lameiro..

5.- GARANTIA DEFINITIVA

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxección, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e



os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

[Téñase en conta que se permite, cando así se prevexa no prego, que a garantía sexa constituída mediante retención no prezo, fixando neste prego a forma e condicións da retención].

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato. O prazo de garantía é de un ano a contar dende a data de aprobación da última certificación da obra e da Acta de Recepción das mesmas.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido *[un ano/6 meses]* desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

[Salvo que neste prego sexa establecido o contrario] A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

6.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase NO PRAZO MÁXIMO de 5 días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

7.- DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Ademais dos dereitos xerais derivados do réxime xurídico do presente contrato, o contratista terá dereito ao abono da prestación realizada nos termos previstos no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e no contrato, de acordo ao prezo convindo.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Ademais das obrigacións xerais derivados do réxime xurídico do presente contrato, o contratista terá as seguintes obrigacións específicas:

- Cumprir as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas no Anexo IV do Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión,



do 15 de decembro do 2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento CE nº 1698/2005 do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través dos Fondos Europeos Agrícolas de Desenvolvemento Rural (FEADER), que incluírán en todo caso:

-Colocación dun cartel publicitario durante a execución do proxecto subvencionado.

-Instalación dunha placa explicativa permanente ao remate do proxecto.

Todas as medidas de información e publicidade indicarán os seguintes elementos:

a) A bandeira europea.

b) Referencia ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

c) Declaración do Fondo "Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Inverte nas zonas rurais".

Asemade incluírá unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no cofinanciamento das actuacións subvencionadas mediante a inclusión do logotipo deste Organismo no cartel e mais na placa explicativa permanente.

Para este fin utilizarase o modelo de cartel informativo e da placa explicativa incorporado no ANEXO II do Convenio de Colaboración asinado entre o Concello e a Xunta de Galicia.

- **Obriga de presentación dunha declaración expresa das empresas coas cales teñan vinculación, conforme os termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.**

— Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións. **Ó REMATE DAS OBRAS DEBERÁSE PRESENTAR ACREDITACIÓN DOS GASTOS IMPUTABLES ÁS PLACAS SINALATIVAS E INFORMATIVAS DA OBRA.**

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no plan de seguridade e saúde no traballo.

— Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, da formalización do contrato, **Da Taxa** por dirección de obra, conforme á Ordenanza Fiscal reguladora do Concello de Campo Lameiro así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de



que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

8.- RECEPCION E PRAZO DE GARANTIA

Á recepción das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo. Tamén pode asistir a interventora do Concello de Campo Lameiro.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de un ano contado desde a data de aprobación da certificación última da obra e recepción das obras.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.

9.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un 5 DÍAS dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato, e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, *[e, de ser o caso, o responsable do contrato]*, nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.



10.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de _____ [en defecto destas, as previstas no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.


— Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato¹², a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades na proporción de _____ [deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato].

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

Campo Lameiro a 16 maio 2016.

Condições aprobadas en Xunta de Goberno do 16-05-2016.



O Alcalde

Asdo. Julio G. Sayáns Bugallo



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro
Tif.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com
oficinas@campolameiro.com
www.campolameiro.com

RESOLUCIÓN ALCALDE

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión do día 16 de maio de 2016.

Vista a necesidade de licitar a obra de "Mellora de camiños no núcleo de San Isidro".


RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que se curse invitación ás empresas que se relacionan de seguido:

- 1.- CONSTRUCCIONES ORESA.
- 2.- NEXIA INFRAESTRUCTURAS.
- 3.- CONTRUCCIONES VALE S.L.
- 4.- OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA S.L.

SEGUNDO.- Fixar como prazo de presentación de proposicións DEZ DÍAS.

Campo Lameiro 23 de maio de 2016.




O ALCALDE

Asdo.: Julio G. Sayáns Bugallo

PRO INARTE XXI S.L.

PROYECTOS DE INGENIERÍA, ARQUITECTURA Y TELECOMUNICACIONES



PROXECTO:
MELLORA DE CAMIÑOS NO NÚCLEO DE SAN ISIDRO

PROMOTOR:
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

SITUACIÓN:
CAMPO LAMEIRO - PONTEVEDRA

DATA: XANEIRO 2016 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN CON IVE:
39.313,08 EUROS



ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO
EVARISTO JUNCAL FROJÁN

ORZAMENTO E MEDICIÓN S

| CÓDIGO | DESCRIPCIÓN | UDS | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PAROIS | CANTIDADE | FREZO | IMPORTE |
|--|--|-----|----------|---------|--------|--------|-----------|-------|---------|
| CAPÍTULO 01 ACTUACIONES PREVIAS | | | | | | | | | |
| CMC.03 | m Roza mecanizada en marxes camiño (2 marxes) tractor e desb brazo Roza mecanizada en marxes de camiños, mediante desbrozadora de brazo acoplada a tractor de rodas. Anchura máxima de desbroce por marxen de 2,50 m, incluíndo arcén, cunela e talud. Ambas marxes. Incluso p/p de sinalización viaria, e limpeza da calzada. | | | | | | | | |
| | Camión leste | 1 | 255,000 | | | | 255,000 | | |
| | Camión oeste | 1 | 220,000 | | | | 220,000 | | |
| | | | | | | | 475,00 | 0,83 | 394,25 |
| CMD.20 | m ² Fresado de pavimentos asfálticos ou formigón espesor 5 cm Fresado de pavimento bituminoso ou de formigón existente, para un espesor de 5 cm, incluso carga, barrido, retirada e transporte de residuos a lugar de emprego e/ou xestor autorizado a unha distancia de 60 km. | | | | | | | | |
| | Plaza | 1 | 300,000 | | | | 300,000 | | |
| | | | | | | | 300,00 | 2,77 | 831,00 |
| CMP.01 | m ² Desbroce e limpeza espesor máximo 10 cm, D<= 20 m Desbroce e despexe da vexelación herbácea, con un espesor máximo de 10 cm, incluída a remoción, escavación e o transporte da capa vexetal ata fora do área de ocupación da obra, a unha distancia máxima de transporte de 20 m. | | | | | | | | |
| | Camión leste | | | | | | | | |
| | Sobreanchos | 1 | 165,00 | | 0,15 | | 24,75 | | |
| | | | | | | | | | |
| | | 1 | 20,00 | | 0,15 | | 3,00 | | |
| | Camión oeste | | | | | | | | |
| | Sobreanchos | 1 | 100,00 | | 0,15 | | 15,00 | | |
| | | | | | | | 42,75 | 0,09 | 3,85 |
| CME.14 | m ² Apertura de caixa para firme c/ motoniveladora Apertura de caixa para posterior construción de firme, excavando a superficie con motoniveladora. | | | | | | | | |
| | Camión leste | | | | | | | | |
| | Sobreanchos | 1 | 165,000 | | 0,150 | | 24,750 | | |
| | | | | | | | | | |
| | | 1 | 20,000 | | 0,150 | | 3,000 | | |
| | Camión oeste | | | | | | | | |
| | Sobreanchos | 1 | 100,000 | | 0,150 | | 15,000 | | |
| | | | | | | | 42,75 | 0,20 | 8,55 |
| CMD.01 | m ³ Demolición muro fábrica mampostería en seco c/medios mecánicos Demolición de fábrica de mampostería executada en seco ou lixeiramente recibida con morteiros pobres en muros, con medios mecánicos, incluso retirada de escombros a pe de carga, medido o volumen inicial deducidos ocos; con p.p. de elementos auxiliares de seguridade. Sen incluír o transporte a vertedoiro. | | | | | | | | |
| | Camión oeste | 1 | 60,000 | 0,500 | 1,000 | | 30,000 | | |

ORZAMENTO E MEDICIÓN S

| CÓDIGO | DESCRIPCIÓN | UDS | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PARCIAIS | CANTIDADE | PREZO | IMPORTE |
|--|---|-----|----------|---------|--------|----------|-----------|-------|----------|
| | | | | | | | 30,00 | 19,83 | 594,90 |
| CMTT.01 | m ³ Carga pala mecánica d<=5m Carga pala mecánica a distancia menor ou igual de 5m. | | | | | | | | |
| | Desbroza | 1 | 42,750 | | 0,150 | 6,413 | | | |
| | Apertura ceña | 1 | 42,750 | | 0,200 | 8,550 | | | |
| | Demolición | 1 | 30,000 | | | 30,000 | | | |
| | | | | | | | 44,96 | 0,59 | 26,53 |
| CMTT.03 | m ³ Transporte con camión basculante d>3 km Transporte de materiais sollos de obra, con camión dumper 16 m3 a distancia maior de 3 Km. incluído o retorno sen carga, e os tempos de carga e descarga, sen incluír o prezo da carga. | | | | | | | | |
| | Desbroza | 1 | 42,750 | | 0,150 | 6,413 | | | |
| | Apertura ceña | 1 | 42,750 | | 0,200 | 8,550 | | | |
| | Demolición | 1 | 30,000 | | | 30,000 | | | |
| | | | | | | | 44,96 | 3,95 | 177,59 |
| TOTAL CAPÍTULO 01 ACTUACION S PREVIAS..... | | | | | | | | | 2.036,67 |

ORZAMENTO E MEDICIÓN S

| CÓDIGO | DESCRIPCIÓN | UBS | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PARCAIS | CANTIDADE | FREZO | IMPORTE |
|---|---|-----|-----------|---------|--------|---------|-----------------|--------------|------------------|
| CAPÍTULO 02 PAVIMENTACION | | | | | | | | | |
| CMF.03 | m ² Firme aglomerado quente D-12 e=5cm Firme a base de aglomerado en quente tipo D-12 de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de adherencia con 1 Kg de emulsión tipo ECR-2. | | | | | | | | |
| | Plaza | 1 | 695,000 | | | | 695,000 | | |
| | Camiño leste | 1 | 1.140,000 | | | | 1.140,000 | | |
| | Sobreanchos | 1 | 165,000 | | | | 165,000 | | |
| | Camiño oeste | 1 | 324,000 | | | | 324,000 | | |
| | Sobreanchos | 1 | 438,000 | | | | 438,000 | | |
| | | | | | | | 2.762,00 | 7,67 | 21.184,54 |
| CMB.01 | m ³ Base de zahorra artificial Base granular de zahorra artificial, medida unha vez extraída, transportada, extendida e perfilada con motoniveladora e compactada ata a densidade máxima esixida do 100% do Ensaio Proctor Normal ou do 96% do Ensaio Proctor Modificado. | | | | | | | | |
| | Camiño leste | | | | | | | | |
| | Sobreanchos | 1 | 165,000 | | 0,150 | | 24,750 | | |
| | | 1 | 20,000 | | 0,150 | | 3,000 | | |
| | Camiño oeste | | | | | | | | |
| | Sobreanchos | 1 | 100,000 | | 0,150 | | 15,000 | | |
| | | | | | | | 42,75 | 20,76 | 887,49 |
| TOTAL CAPÍTULO 02 PAVIMENTACION..... | | | | | | | | | 22.072,03 |

ORZAMENTO E MEDICIÓN S

| CÓDIGO | DESCRIPCIÓN | UNID. | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PARCIAIS | CANTIDADE | PREZO | IMPORTE |
|-------------------------------------|--|-------|----------|---------|--------|----------|-----------|-------|-----------------|
| CAPÍTULO 03 PECHE | | | | | | | | | |
| CM.02 | m Peches postes tub aceiro e malla simple torsión plast 1,5 m. Cerramento de parcela formado por tela metálica de 1,5 m de altura con malla de arame de simple torsión, de 50 mm de paso de malla e 2,0/3,0 mm de diámetro, acabado galvanizado e plastificado en cor verde ou branco e postes de tubo de aceiro galvanizado (interior e exteriormente) e pintado/plastificado dispostos cada 3 metros, de 60 mm de diámetro e 2,0 mm para postes de tensión e de 48 mm de diámetro e 1,5 mm para postes intermedios e e 2,0 m de altura, con tapón superior, e 38 mm de diámetro e 1,2 mm para postes tornapuntas e 1,9 m de altura, empotrados no muro base ou dados de cimentación. Colocación da malla tensada con tres fios de arame, plastificado da mesma cor, e 4 mm de espesor. Con parte proporcional de riostras, postes interiores de reforzo, conectores e tensores, pezas especiais, apertura de buratos, recheo con formigón HNE-20/P/20/IIa para recibido dos montantes, colocación da malla tensada, alineado, nivelado e aplomado, totalmente remalado. | 1 | 60,000 | | | | 60,000 | | |
| | | | | | | | 60,00 | 21,25 | 1.275,00 |
| TOTAL CAPÍTULO 03 PECHE..... | | | | | | | | | 1.275,00 |

ORZAMENTO E MEDICIÓN S

| CÓDIGO | DESCRIPCIÓN | UDS | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PARDAIS | CANTIDADE | PREZO | IMPORTE |
|--|---|-----------------------|----------|---------|--------|---------|--------------|--------|-----------------|
| CAPÍTULO 04 REPOSICIÓN S | | | | | | | | | |
| SSO.25 | ud Tapa fundición cadrada 44X44 cm C-250 Subministración e colocación de tapa e cerco de fundición dúctil cadrada de 44X44 cm, paso libre de 40X40 cm, clase C-250, NTE/ISA-6, EN 124 con orificios para apertura, y marco de fundición, características e rotulación segundo indicacións, recibida con formigón HM-20/P/20, colocada. | 1 | | | | | 1,00 | 89,15 | 89,15 |
| SSO.06 | ud Recalce de tapas de rexistro con dados de formigón Recalce de tapas de rexistro en calzada con dado de formigón HA-25 armado con fibras de aceiro con dosificación 30 kg/m3 e espesor mínimo de 25 cm, incluso señalización, balizamiento, curado e protexido con pranchas de aceiro ancladas ao pavimento durante o fraguado de polo menos cinco (5) días, independentemente do uso obrigatorio de aditivos acelerantes. | Plaza Camión listo | 5 1 | | | | 5,00 1,00 | 111,76 | 670,56 |
| REJILLAS | Pa Reposición de sumideros defectuosos PA de reposición de 2 rejillas de sumidero dañadas de tamaños 100x60cm y 125x40cm respectivamente. Totalmente colocadas y terminadas. | 1 | | | | | 1,00 | 500,00 | 500,00 |
| TOTAL CAPÍTULO 04 REPOSICIÓN S..... | | | | | | | | | 1.259,71 |

ORZAMENTO E MEDICIONS


| CÓDIGO | DESCRCIÓN | UOS | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PAROIS | CANTIDADE | PREZO | IVPORTE |
|--|-----------------------|-----|----------|---------|--------|--------|-----------|--------|---------------|
| CAPÍTULO 05 SEGURIDADE E SAÚDE | | | | | | | | | |
| 05_01 | PA Seguridade y saúde | | | | | | 1,00 | 400,00 | 400,00 |
| TOTAL CAPÍTULO 05 SEGURIDADE E SAÚDE..... | | | | | | | | | 400,00 |

ORZAMENTO E MEDICIÓN S

| CÓDIGO | DESCRIPCIÓN | UDS | LONGITUD | ANCHURA | ALTURA | PARCAIS | CANTIDADE | PREZO | IMPORTE |
|--|-----------------------|-----|----------|---------|--------|---------|-----------|--------|-----------|
| CAPÍTULO 06 XESTIÓN DE RESÍDUOS | | | | | | | | | |
| 06_01 | PA Xestión de resduos | | | | | | 1,00 | 259,24 | 259,24 |
| TOTAL CAPÍTULO 06 XESTIÓN DE RESÍDUOS..... | | | | | | | | | 259,24 |
| TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL..... | | | | | | | | | 27.302,65 |

Caldas de Reis, xaneiro de 2016

O Enxeñeiro autor do proxecto



Asdo. Evaristo Juncal Froján

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos


RESUMO DO ORZAMENTO

| CAPÍTULO | RESUMO | EUROS |
|--|-----------------------------------|------------------|
| 01 | ACTUACIÓN PREVIAS..... | 2.036,67 |
| 02 | PAVIMENTACION..... | 22.072,03 |
| 03 | PECHE..... | 1.275,00 |
| 04 | REPOSICIÓN..... | 1.259,71 |
| 05 | SEGURIDADE E SAÚDE..... | 400,00 |
| 06 | XESTIÓN DE RESÍDUOS..... | 259,24 |
| TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL | | 27.302,65 |
| | 13,00% Gastos xerais..... | 3.549,34 |
| | 6,00% Beneficios industriais..... | 1.638,16 |
| | SUMA DE G.G. y B.I. | 5.187,50 |
| TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN | | 32.490,15 |
| | 21,00% I.V.E..... | 6.822,93 |
| TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN + I.V.E. | | 39.313,08 |

Ascende o presuposto xeral á expresada cantidade de TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS con OITO CÉNTIMOS

Caldas de Reis, xaneiro de 2016

O Enxeñeiro autor do proxecto



Asdo. Evaristo Juncal Froján

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos



PROINARTEXXI S.L.
 PREVENTORES DE
 INCENDIOS, AEROPRESTANDA Y TELECOMUNICACIONES

Autor:
 Ejecutor: Jeyson Freijer
 Ejecutores de Campo: Catalina y Fabian

Título:
 Módulo de Casitas en núcleo de San Isidro.


Situación:
 Cerro Lumbro



Fecha:
 Agosto 2016

Escala: 1:5000

Norma de planta:
 Planta oval.

Número de planta:
01.01



-  Superficie pavimentada actual.
-  Superficie de pavimentación.


PRO INARTEXX S.L.
 PROYECTOR DE INGENIERÍA, ARQUITECTURA Y TELECOMUNICACIONES

ALCALDÍA:
 Ayuntamiento de San Pedro
 Ayuntamiento de Carrión, Cantabria y Palencia

TÍTULO:
 Mejora de Carrión en calles de San Pedro.

CLIENTE:
 Grupo Lareán

FECHA:
 Agosto 2010

ESCALA: 1:500


NOMBRE DEL PLANO:
 Plano general de parcelas y carriles
 (ver).

NÚMERO DE PLANO:
01.04